



Muller e xuventude.

IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Montevideo, República Oriental do Uruguai
Decembro, 2009.

A MULLER NA GALICIA EXTERIOR.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é desde antigo un tema de complexos percorridos na acción social, por moito que se teña avanzado na reivindicación dunha maior coherencia entre o que se proclama e o que se fai en nome de determinadas prácticas sociais. Referímonos agora ao rol da muller na emigración- entre a subsistencia de atrasos e esquecementos crónicos- ao alcance simbólico do feminino e da feminidade, a súa educación e os modos de socializarse na cultura e sociedades de acollida, a súa vida familiar, o seu acceso á información, ao ámbito laboral... Achegas que poñerán de manifesto e permitirán abordar con certa eficacia o por qué da debilidade da súa autoestima, desde sempre, no seo das comunidades galegas no exterior. É momento de reflexionar sobre a emigración, mostrando a diversidade do fenómeno sen hipocresías, desde una perspectiva de xénero.

Cando se fala ou escribe sobre os emigrantes, soe facerse en relación ao home e raramente se formula desde o punto de vista da experiencia da muller. A muller emigrante era esposa-acompañante- que seguía ao home alí onde fora, pero tamén elas emprenderon a aventura de abandonar a súa terra, o seu mundo entrañable e persoal sen outro bagaxe que a súa valentía. Son mulleres xenerosas, con coraxe, traballadoras, arriscadas que permaneceron no anonimato. Estas mulleres nunca quixeron ser problema nin causa de nada. Mais despregan unha proeza, que se ben nunca pasará aos anais, vai repleta de combates do cotián. Muller e emigración ten unha presenza inesquecible: son voces dunha memoria viva sobre as que hai que tomar conciencia, reinventando e coñecendo os seus novos espazos sociais, baixo o seu ímpeto feminino.

Neste punto cabe analizar o contexto da emigración como determinante na traxectoria de varias xeracións de mulleres, dilucidando os diferentes itinerarios de socialización académica, laboral e familiar:

A primeira xeración de mulleres da emigración viña determinada basicamente polo rol de submisión cara ao home, era entón a emigración da muller que seguía ao seu esposo.

“Ao barco subiron- reza unha nota oficial- médicos, obreiros industriais, mulleres, campesiños, profesores universitarios, xornalistas, enxeñeiros”, cando a categoría única de mulleres aparece como por casualidade entre

as listas de profesións masculinas, como se elas non tiveran outra profesión que a de ser muller.

A instrución procurada neste contexto social polo sistema educativo e as familias tiña o obxectivo principal de consolidar a división sexual do traballo, limitando o rol social da muller mediante unha educación que a mantivera instalada no tradicional papel de nai, esposa e filla.

O traballo realizado pola muller era obviado polas estatísticas laborais. O seu papel estaba vinculado ao matrimonio, á maternidade e ao fogar postergando a súa inserción ao mercado de traballo asalariado a un lugar secundario e marxinal. E, así mesmo, renunciaba a unha formación maior para inserirse de modo moi pronto no mundo laboral.

As mulleres foron dobremente invisibles: non eran traballadoras, só acompañantes, que se ocupaban da esfera privada e realizaban un traballo, en moitos casos, non declarado na economía nacional- contribuíndo a mellorar as condicións de vida das mulleres das sociedades de acollida, fundamentalmente as das clases medias-.

Así, as mulleres non estiveron implicadas no mercado de traballo e foron consideradas **non** asalariadas, **non** formando parte, durante moito tempo do ámbito produtivo, quedando relegadas ao reprodutivo.

As emigrantes da primeira xeración sufriron discriminacións específicas:

- Non tiveron o mesmo acceso ao mercado de traballo que os homes: desempeñaron na súa maioría traballos pouco cualificados e non regrados, como empregadas do fogar;
- tampouco tiveron o mesmo acceso aos dereitos sociais, a súa situación legal dependía do seu estatus de esposa ou filla.

Os cambios sociais acaecidos nas últimas décadas impulsan a unha nova concepción do rol da muller na emigración, proxectado na busca dunha maior e máis equitativa inserción tanto social como laboral, sustentada en boa parte pola prolongación da súa formación académica, no marco de políticas educativas e sociais que harmonizan e igualan o seu protagonismo social.

O papel da muller na emigración organízase, por tanto, en base a unha reconstrución da economía mundializada, á unha nova división internacional do traballo e ao seu novo rol económico.

Reflexionar sobre a muller na diáspora, implica, en consecuencia, revisar o concepto mesmo de diáspora na súa evolución e relacionalo coas problemáticas da identidade e da diversidade cultural nun mundo globalizado, froito da chamada revolución dixital.

A un nivel simbólico e cultural, anos de emigración influenciarán na representación social da muller. As mulleres gañaron en liberdade de movemento e de expresión e pasaron a participar activamente na realización dos seus proxectos de vida e das sociedades nas que se inscriben. Non corresponden á imaxe de “pasivas”. Durante décadas os “activos” na emigración foron os homes, mentres que as mulleres foron “acompañantes pasivas”, o que carrexou consecuencias psicosociais que hoxe estamos en condicións de vencer.

Pecharse no universo do exclusivamente familiar, a non implicación na vida do país de acollida, supón unha confusión de valores e en ocasións unha perda de referencias. De aí que, interactuar, en tanto que muller, no seo das colectividades- desde este Consello de Comunidades Galegas- vea indispensable para: non só reforzar a súa autonomía, senón poñer en valor a súa diversidade e o seu recoñecemento como nai de familia ou filla e, en calquera caso, membro da sociedade.

Traballamos polos dereitos das galegas residentes no exterior, desde aqueles que lles son inherentes como muller, a aqueles que entendemos deben verse ampliados pola súa condición de emigrantes: favorecendo a presenza das mulleres en postos de dirección nos centros, poñendo á súa disposición as canles adecuadas para formular activamente as súas propostas nas comunidades e promovendo foros de debate sobre a realidade actual das galegas no exterior.

Á marxe diso, a muller preparada profesionalmente que evocamos quere aplicar as súas calidades e os seus coñecementos en todos os ámbitos o que nos obriga a garantir a súa óptima inserción sociolaboral, promovendo a elaboración de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral que contribúan ademais a superar os estereotipos que se adscriben a homes e mulleres.

Resulta, por outro lado, de gran relevancia conceder prioridade ao deseño e promoción de políticas científicas, tecnolóxicas, educativas e sociais co obxectivo de corrixir os posibles desequilibrios e contribuír a unha maior presenza da muller das comunidades galegas nestes ámbitos.

As circunstancias poñen de manifesto a importancia que actualmente se concede por parte da administración autonómica galega aos procesos educativos, entendidos como instrumento clave de formación cultural e académica e como estratexia para a inserción social e laboral. A educación valórase como inversión de futuro para a muller das comunidades galegas para mellorar a súa posición social, estimulando a súa autonomía persoal e emancipación.

As teorías tradicionais que analizan a definición dos roles de xénero van cara a unha conceptualización do rol feminino que se asimila ao masculino, tomando como modelo ideal ou válido o do home. Apostamos, non obstante, por remarcar a intelixencia e capacidades físicas da muller para cultivar e transformar os bens naturais, materiais e non materiais,

adaptándoos ás súas propias necesidades, ás da súa familia e ás da sociedade. As colectividades, sen dúbida ningunha, veranse enriquecidas coa presenza feminina e o seu estilo de traballo, que provén da súa mesma identidade ou feminidade.

Hoxe a igualdade formal de todos os cidadáns- homes e mulleres- ante a lei, é un valor superior do ordenamento xurídico do Estado social e democrático. Corresponde aos poderes públicos a tarefa de promover as condicións para que as oportunidades de igualdade entre uns e outras sexan reais e efectivas. Nesa liña estamos dispostos a seguir camiñando en conxunto e a apoiar a igualdade de dereitos da muller galega emigrante. Non hai marcha atrás. As consecuencias da súa ineludible incorporación chaman á porta da realidade.

A XUVENTUDE DESCENDENTE DE GALEGOS NO MUNDO: COIDANDO O FUTURO DAS NOSAS COMUNIDADES

A xuventude foi sempre eixe de interese e motivo de esperanza na emigración galega. Na nosa diáspora o seu protagonismo foi inmenso e a esa memoria recorreremos cada vez que nos xuntamos para compartir pensamentos e trazar vías sobre como facer que as enerxías xuvenís fagan perdurar o nome de Galicia no mundo.

Dentro e fóra dos Centros ou Sociedades, aínda con desigual empeño, estratexia e fortuna, a constante non foi outra que basear as mellores perspectivas de futuro nunha decidida e activa implicación dos mozos e mozas. Sen o seu concurso, pouca é a ganancia, moral e material, que podemos agardar na Galicia exterior.

E é razoable que así sexa pois todos sabemos da súa radical importancia na historia da colectividade e no afán por cultivar e manter os nosos mesmos sinais de identidade, contaxiando ese mesmo sentimento á súa descendencia. Non deixa de ser ilustrativo o feito de que haxa Centros nos que a apelación á xuventude figure desde a súa inauguración no nome ou cabeceira da Institución, como tamén que noutros a imaxe pública do seu labor estea, en boa parte, asociada á actividade dos seus grupos xuvenís.

Non pode estrañarnos, entón, unha apreciable coincidencia en non poucas persoas ao sinalar como indicador o parámetro de calidade no descender das colectividades galegas no exterior a claridade e efectividade demostradas para acercar e integrar aos máis novos nas Entidades, canalizando o imprescindible protagonismo dos seus desexos e ideas, que acrecentaremos se queremos alentar novos e ilusionados proxectos en tantos países onde o coñecemento de Galicia e da súa cultura comeza xusto nas Comunidades que aquí representamos.

Dito isto, admitamos tamén o seguinte. Nun relatorio sobre *Xuventude* o terreo que pisamos, simbólica e materialmente falando, é esvaradizo. E se o facemos pasando pola convulsa etapa da adolescencia o percorrido vólvese máis complexo e menos predicible, máxime sabendo que a socialización humana non se mantén fixa senón que cambia co tempo. E os mozos e mozas son tamén produto da súa época.

Sexa como sexa, a máxima que nos move segue sendo clara: necesitamos falar dos mozos e cos mozos. De feito así o fixemos ata agora (véxanse as Actas dos *Consellos* anteriores) e con igual empeño temos que seguir. Porque entre as cousas que a cidadanía espera de nosoutros está, xustamente, a de que saibamos abririlles as portas e acollelos cordialmente para que asuman responsabilidades e tomen decisións que, ben seguro, redundarán no desenvolvemento da Comunidade. Temos que insistir, polo tanto, na importancia de apoiar a integración consciente e activa dos mozos -homes e mulleres- en todos os ámbitos de actividade,

responsabilidade e decisión das colectividades galegas no exterior. Esta é a mellor semente que podemos plantar para o futuro.

Nun momento no que estamos vendo xurdir unha miríada de asociacións de mozos descendentes de españois no exterior, cabe pensar porqué moitos mozos non se plantexan que o lugar natural de expresión das súas inquietudes e do desenvolvemento das súas iniciativas no son as entidades galegas representadas neste Consello. Indubidablemente non son todos pero si son unha parte significativa dos mozos. Sirva este apunte para a reflexión e o debate, non só entre nosoutros, senón de forma aberta e xenerosa co futuro do que somos: os mozos.

Pero antes de entrar na relación máis detallada de suxestións e propostas que someto a vosa amable atención e consideración, permitíndeme a licenza de situar a análise nun punto neurálxico perante o panorama que divisamos.

A grave crise económica pola que atravesamos este mundo globalizado, e máis conectado que nunca, tamén deixa sentir os seus perversos efectos nos nosos países en xeral e nos nosos mozos e mozas en particular. Xa non se trata só dunha crise de valores senón de que, como amosan destacados Informes de Organismos Internacionais, a situación do mercado de traballo está alterando as expectativas e os proxectos de miles de rapaces e rapazas que, aínda pertencendo a unha xeración caracterizada polo seu

alto nivel de formación, se ven obrigados a demorar o inicio dunha vida plenamente independente.

Tal retraso na súa emancipación ten consecuencias sobre a natalidade, sobre os procesos de socialización dentro da familia (abandono tardío do domicilio paterno) e en relación co grupo de amigos (cambio de actitudes), ou no mesmo plano do seu crecemento como cidadás e cidadáns dunha sociedade democrática en cuxo seo vemos como, desafortunadamente, avanza a desafección e a confianza cara ás institucións e os seus lexítimos representantes.

Outro vector ou ámbito que vén afectando ás condutas, estilos de vida e modos de relación xuvenís, a ton con ese mundo global ao que antes nos referíamos, é o que chamamos *'sociedade da información'* (un gran sociólogo español, Manuel Castells, chamouna *'sociedad red'*). Desde logo, non sería sensato esquecernos desta área no noso permanente interese por captar os sinais de todo cuanto afecta ás innovacións tecnolóxicas e electrónicas. A razón é simple: son os nosos mozos e mozas os que antes as procesan e antes as incorporan ao seu funcionamento como persoas e como membros dunha colectividade.

Como elemento de reflexión cabe sinalar que estes mozos e mozas; preparados tecnoloxicamente e inmersos na sociedade TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) deben ser os que lideren e promovan o

cambio das nosas entidades en sociedades avanzadas tecnoloxicamente e beneficiarias do retorno que a aplicación tecnolóxica na xestión das sociedades e a súa interrelación ten.

Non podemos ser tan inxenuos como para pensar no papel dos mozos e mozas no futuro das Sociedades á marxe de como elas e eles representan as súas oportunidades nos novos contornos de comunicación. Gústenos ou non, as pantallas articulan a existencia dos mozos e mozas máis do que imaxinamos.

En tal sentido, o cambio é forte e chegou para quedarse. Tamén desde as entidades galegas somos testemuñas de como mudaron as habilidades básicas e os formatos de aprendizaxe de nenos e mozos, o cal é incluso observable na maneira de ocupar o seu tempo de ocio (ordenadores, teléfonos móbiles, videoxogos, música enlatada, redes sociais,...). Esta realidade marca diferenzas ben visibles coas formas tradicionais de ensinar, aprender e relacionarse cos demais. O que está pasando coa lectura, a escritura e outros dominios educativos ten que ver co impacto de Internet e os medios dixitais en adolescentes e mozos inmersos nun cultura audiovisual cuxos “*entresijos*” e prestacións manexan con abraiante facilidade.

Así pois, faremos ben en reforzar todos os circuítos tradicionais que atraen e impulsan a participación dos mozos e mozas descendentes de familias

galegas, pero sen descoidar o feito de que, agora e aquí, os procesos de implicación xuvenil pasan polo acceso a medios tecnolóxicos de conexión en rede. Sen ir máis lonxe, a necesidade dunha boa Oficina ou Servizo de Información Xuvenil, que axude nos procesos de toma de decisións, deberá de basear a súa efectividade na disposición e actualización dos seus datos a través de Internet.

Con todo, é o momento de entrar no detalle dalgúns suxestións e propostas, ben entendido que algunhas supoñerán necesariamente unha reiteración do xa escoitado no pasado, ben por non ter sido posible facer moito ao respecto, ou ben por terse alterado as condicións da súa pertinencia.

Empezaremos por unha idea que, felizmente, parece ter arrancado nestes mesmos días. Son varias os relatorios de anteriores *Consellos* nos que se ten avogado pola posta en marcha dalgún tipo de evento ou foro para o periódico exame do que interese nesta área. Por iso, sen prexuízo de encontros máis sectoriais, cremos que chegou o momento de activar en América e Europa a organización de Congresos de mozos e mozas descendentes de Galegos no Exterior. Supoñerían un gran revulsivo participativo e un observatorio para detectar necesidades e escoitar posibles fórmulas alternativas na xestión dos problemas.

A realización destes Congresos podería vincularse á realización e presentación de plans, programas, ou proxectos de investigación en distintos campos de interese educativo, cultural, económico o tecnolóxico, que puideran propulsar a constitución de grupos de estudo con presenza galega.

É xusto recoñecer que nas áreas educativa e cultural, as políticas de apoio por parte dos sucesivos gobernos de a *Xunta de Galicia*, a través, basicamente, das convocatorias anuais de axudas e subvenciones, foron servindo ao propósito de reforzar as manifestacións de todo canto supuxera manter vivo o acervo cultural da nosa terra en nenos, adolescentes e mozos. O programa de campamentos para nenos e adolescentes é un puntal clásico na política de acercamento e xeración de afecto cara á terra dos pais e avós, ademais de favorecer o recíproco coñecemento entre unha xuventude intraterritorial e outra extraterritorial. Outro exemplo son as axudas aos centros educativos que en América incorporaron ao seu plan de estudos algunha temática ou actividade relacionada con Galicia..

Naturalmente, coas avaliacións que conveñan na súa mellora, tales programas deben manterse, tratando de optimizar ao máximo os recursos nunha época de austeridade orzamentaria, que, sen embargo, non pode supoñer a conxelación das axudas nin a diminución do seu sentido. É o caso dos Cursos de Lingua e Literatura Galega que, en sintonía coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, deberían ser obxecto de revisión

para aumentalos alí onde sexa necesario ou adecuarse á demanda real dos centros, abordando tamén a forma de asocialos co labor dos lectorados en diversos países e universidades.

A música e o folclore deben seguir sendo pedra de toque fundamental coa finalidade de apoiar sen descanso a idea de Galicia no mundo. Grupos e bandas musicais son o orgullo de non poucas Sociedades Galegas, que recoñecemos e aplaudimos, cos seus responsables á fronte. É moi conveniente seguir fomentando nos mozos a constitución de conxuntos de música celta, que é, a todas luces, a máis próxima ás raíces culturais propias.

Unha cuestión non por reiterada menos digna de énfase en cantos organismos teñen capacidade de influencia é o da homologación dos títulos conseguidos polos fillos e netos de galegos que xa viven en España ou que desexan instalarse aquí. A lentitude da súa tramitación e resolución é aínda enorme. Posto que se trata dunha reivindicación xusta, é polo que pedimos á Xunta a continuidade do reclamo perante o Goberno Central. Sen unha solución adecuada en tempo e forma, a inserción no mercado de traballo español e europeo por parte dos descendentes de galegos en América seguirá sendo precaria e afectivamente desalentadora.

De todos modos, temos que seguir aproveitando todas as posibilidades formativas coas que xa contamos no escenario da educación superior en España (UNED) e do mesmo sistema universitario de Galicia (SUG), a cuxas tres grandes casas de estudo (Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) agradecemos a súa sensibilidade histórica a favor da emigración, ao tempo que lles pedimos unha maior efectividade prospectiva no marco das súas programacións, dos seus convenios e dos seus plans de educación internacional.

Na súa modalidade presencial, baixo a coordinación das autoridades da Xunta, poderíamos ir máis adiante en programas de mobilidade ou de axudas (Bolsas) para que mozos e mozas destacados das nosas comunidades estuden nas universidades de Galicia, incentivando a cooperación, prácticas en empresas, e incluso a posible incorporación a equipos de investigación. E na súa modalidade non presencial, auspiciando a formación dun *Consortio* que permita, nun tempo razoable, a operatividade efectiva do Portal Galiciaaberta.com como plataforma 'en liña' con capacidade operativa para desenvolver dinámicas formativas, tanto nunha dirección profesionalizadora como noutra de extensión cultural desde a que outorgar certas credencias en temas de interese común. A contribución da Radio e Televisión Galegas a este obxectivo serán decisivas.

Tampouco podemos esquecer a importancia adquirida na globalización pola formación continua xa que a adaptación aos cambios no terreo

laboral parece moeda corrente. Seminarios de sólido deseño e execución nos nosos Campus axudaría, sen dúbida, a satisfacer unha necesidade que, complementariamente, podería favorecer o contacto con Galicia de profesionais descendentes de galegos en distintas latitudes.

Construír o futuro é sinónimo, entre outros aspectos, dun tipo de formación dos mozos para a iniciativa e o emprendemento, e non só a nivel local ou nacional, senón tamén transnacional.

Permítasenos unha última reflexión de conxunto que, rapidamente, aderezaremos con outra proposta de certo alcance. O que nos din recentes Informes acerca da Xuventude é que nela predominan dous valores emerxentes: a solidariedade e o ecoloxismo. Pois ben, a estima que senten centos de mozos e mozas por instancias próximas da sociedade civil, tipo ONGs, e o potencial que tales organizacións posúen para fortalecer a súa aprendizaxe social, parecen suficientes vantaxes para propoñer a creación do *Voluntariado da Galicia Exterior*, formado por mozos e mozas descendentes de galegos dispostos a colaborar en plans e proxectos de carácter social, podendo vincularse tales accións ao seu propio proceso de aprendizaxe e especialización, tanto no seu país como en Galicia. Naturalmente, a pertenza a este Voluntariado sería obxecto do xusto e oportuno recoñecemento.

Debemos promover aquelas accións comúns entre mozos da Galicia territorial e da Galicia exterior que contribúan á mellora das oportunidades e relacións económicas entre a nosa comunidade e os países de asentamento galego e que melloren a capacidade produtiva e a apertura de novos mercados de traballo e comercio; especialmente nos ámbitos da I+D+i, enerxías renovables, saúde, negocios de carácter social, etc...

Fomentar a necesaria vinculación dos mozos na diáspora cos mozos da Galicia territorial en accións conxuntas en materia de emprendedores, mozos profesionais e mozos empresarios que contribúan a reforzar os lazos entre as novas xeracións de galegos e xeran lazos de interese e afinidade no seo da Galicia Universal.

Finalmente, o deporte é outra área de traballo que non podemos descoidar nas nosas Sociedades. Son múltiples as conexións que a actividade deportiva ten coa saúde, o benestar e, por suposto, a participación da xuventude. Sabémolo ben nas Comunidades onde foi posible levar adiante políticas de mellora de instalacións e equipamentos deportivos. Por iso solicitamos o deseño dun plan de apoio ao deporte na Galicia exterior, que nunha primeira fase podería ter tres piares: axudas para infraestrutura e equipamentos nos Centros, bolsas deportivas para adolescentes e mozos seleccionados polos seus dotes nalgunha especialidade, e celebración de torneos en Galicia ou nos principais países

da emigración galega, con participación de deportistas en ambas demarcacións da galeguidade.

Queridas e queridos delegados das Comunidades Galegas no Exterior: se podemos estar razoablemente satisfeitos da traxectoria da nosa sociedade civil na diáspora é grazas aos miles de persoas que en distintos momentos e conxunturas empeñaron a súa vontade para que a semente da galeguidade seguise adiante e fortalecese o noso ánimo individual e colectivo. De novo os tempos non son fáciles. Na emigración nunca o foron. Pero sempre melloraron cando a xuventude se fixo coas rendas do seu protagonismo histórico.